Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A ordenación dos recursos marisqueiros para a súa explotación é un labor fundamental para o desenvolvemento da propia actividade, da que depende un sector moi relevante e unha gran cantidade de persoas en Galicia. A responsabilidade desta ordenación, e dos trámites administrativos que correspondan para desenvolvelo recae na Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar.

O goberno da Xunta de Galicia presentou a súa intención de formular un ordenamento trianual para 2021-2022-2023, rompendo o hábito de facelo anualmente, na Orde do Plan Xeral de Explotación Marisqueira. Non en tanto, para este proceso, é importante realizar correctamente todos os trámites necesarios e precisos. Estes trámites inclúen o consenso e diálogo co sector, para acordar todos os elementos a tratar (zonas, espazos, usos, etc), e a presentación dos informes preceptivos ante o Goberno do Estado. Este último trámite é relevante pois o Estado é, en virtude da distribución de competencias e titularidades dos espazos, o correspondente titular das zonas de marisqueo sobre as que se presenta o Plan Xeral. Este trámite está indicado nos artigos 112 da Lei de Costas e no 30 da Lei de Pesca de Galicia.

A presentación de informes preceptivos ven sendo proceso habitual para estes procedementos, sen que existiran notorios problemas ata o momento.

O Goberno de España ven de presentar un recurso contencioso – administrativo ao constatar que a Xunta de Galicia non presentou o preceptivo informe, a pesares de ser advertida previamente de que en primeira instancia non o fixo. A negativa da Xunta a repoñer esta situación conleva un problema xurídico que agora está xudicializado.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Presentou a Xunta de Galicia o informe preceptivo para dar trámite e procedemento ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023? En caso de non ter presentado, por que?
2. Que respondeu a Xunta de Galicia ante o requirimento do Ministerio sobre a presentación de dito informe que lle fixo con anterioridade á situación xudicializada actualmente?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/05/2021 16:56:31

Patricia Otero Rodríguez na data 20/05/2021 16:56:37



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A eventualidade no Sergas vén sendo unha característica determinante e repetida durante a última década, provocando unha dificultade na calidade asistencial e un problema de vulneración de dereitos laborais.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nos usuarios. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles... Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.

Nos últimos anos o Sergas foi xa condenado pola xustiza en diversas ocasións. Así o TSXG reafirmou a condena dun xulgado de A Coruña ao Sergas por contratación “torticeira e fraudulenta” (2019), ou a indemnizar a un profesional que denunciou a sobrecarga de traballo (2019). Tamén foron coñecidas sentencias sobre a obriga de facer estables a enfermeiras eventuais contratadas “en fraude” (2017). Nestes días foi coñecido que o Sergas foi condenado por contratar de



maneira “irregular” a unha enfermeira, dándoa de alta os luns e de baixa os venres de maneira sistemática.

A política de recursos humanos do Sergas supón un dos maiores problemas para elevar a calidade asistencial, e o comportamento propio dunha ETT pulveriza todo intento de traballar por unha sanidade pública de excelencia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración lle merece ao Goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais que ditaminan que o Sergas contrata “irregularmente” ou “de maneira fraudulenta e torticeira”?
2. Considera a Xunta de Galicia que a súa política de recursos humanos dos últimos anos está sendo axeitada para as necesidades do sistema sanitario público de Galicia?
3. Que volume de eventualidade na contratación sofre agora mesmo o Sergas? E especialmente no caso da enfermería?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/05/2021 16:08:40

Marina Ortega Otero na data 20/05/2021 16:08:46



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A consecuencia das Recomendacións do Parlamento de Galicia derivadas do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria ola de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, a Xunta de Galicia se comprometeu a realizar un número de actuacións determinadas para os anos 2019 e 2020, tales como a de elaborar plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, en cada un dos dezanove distritos da Comunidade Autónoma.

En relación coa elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, no documento xeral de análise e recomendacións se sinalaba que o punto de partida para facer efectiva a prevención é necesaria unha axeitada planificación participada. Existindo distintas figuras recollidas pola normativa que deben desenvolverse implicando a toda a sociedade. Deberán poñerse en marcha o máis axiña posible os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en procesos con participación pública e dándolle prioridade aos distritos máis afectados polos incendios forestais en consecuencia co indicado na recomendación segunda do ditame da Comisión de incendios de Galicia 2017. Ao mesmo tempo que se actualizaron os plans de prevención de distrito como instrumentos operativos que desenvolven o Pladiga, a tenor da recomendación 55 do ditame da Comisión así como a creación dos comités forestais de distrito onde un dos cometidos principais sexa o de participar na planificación, é poñer en marcha as medidas preventivas específicas para cada distrito, en sintonía coa recomendación 7.

E a tenor do exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Puxéronse en marcha os plans de ordenación dos recursos forestais por Distrito, tal como se comprometera o Goberno galego?



2. En cantos distritos da Comunidade Autónoma de Galicia se conta cun plan de ordenación de recursos forestais?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia elaborar os plans de ordenación de recursos forestais para os 19 distritos forestais ou actualizar os feitos polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño?
4. Se fose o caso de facer os plans de Ordenación por Distritos, con que orde de prelación o farían? Indicando distrito e orde temporal.
5. Actualizou a Consellería de Medio Rural os plans de prevención de distrito, e se non o fixo, cando pensa facelo?
6. Que orde de prelación e temporal van seguir para elaborar os plans de prevención de distrito?
7. Cando, a Consellería de Medio Rural, pensa constituír os comités forestais de distrito, en que orde temporal e de prelación?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/05/2021 16:03:01

Martín Seco García na data 20/05/2021 16:03:08



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e a posibilidade de exame cidadán de toda esta información son mecanismos básicos de control e de limitación do poder estatal.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria. Tamén obriga á Xunta de Galicia a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia e os contratos menores.

Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano. Actualmente, finalizada a X Lexislatura e rematado o ano 2020, non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento actualizado destes acordos, sendo o último publicado de decembro de 2017.



Pola súa banda, o artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adjudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Non obstante, sorprendentemente, a 20 de maio de 2021 non figuran os datos estatísticos sobre contratos de 2019 e 2020.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, a Xunta publicou no ano 2017 no portal de transparencia un plan anual normativo, así como un informe sobre o seu grado de cumprimento. En 2018, publicou tamén un plan anual normativo (aprobado o 22 de marzo dese ano) pero non un informe de cumprimento e non publicou absolutamente nada en 2019 e 2020, probablemente polo escaso grao de cumprimento que amosaban os últimos informes. En consecuencia, leva tres anos incumprindo o establecido na lexislación nesta materia.

Todo o anterior amosa desprezo pola lei, ademais dunha acusada falta de dilixencia e de respecto pola transparencia e pola función de control da acción do goberno, básicas para o axeitado funcionamento da democracia e do estado de dereito.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno de Galicia que a transparencia é algo do que se pode prescindir nunha democracia?

2ª) Considera o Goberno de Galicia que pode omitir o cumprimento da lexislación en materia de transparencia?

3ª) Cando vai o Goberno de Galicia cumprir a lexislación en materia de transparencia nos aspectos subliñados na parte expositiva desta iniciativa?



4ª) Cal é o motivo do retraso no cumprimento das obrigas en materia de transparencia que se relacionan na parte expositiva desta iniciativa?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 20/05/2021 18:06:48

Paloma Castro Rey na data 20/05/2021 18:07:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a valoración por parte da Xunta de Galiza das conclusións do Consello de Contas respecto da xestión económica da Deputación de Ourense durante o exercicio 2018 e das medidas que debe impulsar, no marco da colaboración e do respecto institucional, para a distribución dos recursos económicos colectivos con criterios de equidade e transparencia.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxente necesidade de que o Parlamento se posicione á maior brevidade sobre este asunto que atinxe á xestión dos fondos públicos e á súa translación en condicións de equidade, transparencia e igualdade ás e aos cidadáns ourensáns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas vén de remitir ao Parlamento Galego e de facer público, en maio de 2021, o Informe de fiscalización selectiva da Deputación de Ourense para o exercicio 2018, cuxos resultados amosan novamente evidencias da xestión pública





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deficiente e desigual de tal administración , debido a que o Partido Popular, que ostenta a súa presidencia e goberno, emprega os recursos públicos como unha ferramenta de condicionamento social e político no lugar de como ferramenta para fomentar a igualdade e equidade das entidades locais de Ourense e, xa que logo, das e dos cidadáns ourensáns.

Entre outras conclusións, o Consello de Contas sinala que da Deputación de Ourense “Non cumpriu co prazo establecido para a rendición da conta xeral de 2018 que ademais presenta defectos graves que impiden considerala como conta rendida” e que “Non se remitiu información sobre a subscrición de calquera tipo de convenio que supuxese compromisos económicos de máis de 600.000 euros segundo establece o artigo 53 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.” Así mesmo, o informe recolle que “Tampouco se enviou a relación certificada comprensiva dos convenios formalizados no exercicio”

Ademais de recoller as numerosas modificacións de crédito, e a deficiente execución, o informe recolle unha completa análise respecto da política de subvencións. Neste ámbito, o informe recolle como aínda que a Lei 9/2007, de subvencións de Galiza establece (artigo 19) que o procedemento ordinario de concesión debe tramitarse en réxime de concorrencia competitiva, o procedemento máis empregado pola Deputación foi o de concesión directa nominativa. É destacábel o dato recollido no informe de fiscalización do Consello de Contas de que as subvencións nominativas acadaron o 84% fronte a un exíguo 12% réxime de concorrencia competitiva cun 12% e un anecdótico 4% para a concorrencia non competitiva. Así mesmo, é de salientar o alto número de incidencias na presentación e formalización de varias axudas a asociacións veciñais e doutra índole.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nesta mesma liña, a análise da política de contratación amosa que o número de contratos menores foi de 434 por un importe superior aos sete millón de euros, o que dá un resultado de que o 80% do volume contratado en 2018 se levou a cabo por este procedemento, contrariamente ao disposto na normativa de contratación pública, que prevé a realización ordinaria empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, procedementos que quedaron reducidos a un 20%. E aínda por riba no exercicio 2018, "das 42 empresas que foron adxudicatarias dos 170 contratos menores de obras, por importe total de 6.153.094,24 €, foron beneficiarios de 112 contratos que supuxeron o 70% do importe das obras contratadas. (41 delas a unha mesma empresa por un importe de 1.416.153,73 € o 24% do total).

Así mesmo, o informe sinala a absoluta falta de planificación do organismo, o que certifica o uso da institución segundo necesidades que non obedecen ao interese xeral e que o empeño da Presidencia en presentárense como os primeiros e mellores planificadores de orzamentos obedece a unha estratexia de márketing e non a unha planificación real e tanxible. O organismo sinala que "Non existe unha planificación a medio prazo, sendo o Plan de obras provincial aprobado polo Pleno o que máis se lle aproxima. O anexo de investimentos só relaciona de forma xenérica o tipo de investimentos incluídos nos orzamentos co seu importe e financiamento. Os orzamentos anuais non inclúen información relativa á contratación que se pretende realizar durante o exercicio".

Por outra banda, sinálanse deficiencias na transparencia das subvencións e contratacións, que practicamente só é cumprida de forma adecuada respecto dos fondos europeos, e elementos preocupantes como a acumulación de contratos menores nun reducido número de empresas, como xa se sinalaba anteriormente. Respecto da política de persoal tamén se sinalan diferentes melloras e o Consello é crítico con que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elaboración de Plans (como o de Igualdade) non se acompañe de mecanismos de seguimento e avaliación. Así mesmo, malia a publicidade e propaganda reiterada do organismo respecto da súa exemplar “transparencia” no informe queda demostrado que non é suficiente, por exemplo respecto do acceso da cidadanía recóllese que “non responde realmente ao dereito ao acceso á información pola cidadanía, nin sequera conta cun acceso á sede electrónica da Deputación que enlace cos diferentes procedementos de tramitación electrónica a disposición da cidadanía”

A Xunta de Galiza, en cumprimento do marco legal e estatutario, nutre nunha parte os orzamentos dos entes provinciais do país e polo tanto debe pronunciarse a respecto da súa boa administración de cara a que o uso de recursos dos galegos e galegas teñan un retorno xusto na totalidade do territorio. Actualmente, os entes provinciais teñen a súa principal fonte de recursos nos ingresos por operacións correntes. Neste sentido, se observamos os últimos orzamentos aprobados o capítulo de transferencias correntes supera tres cuartas partes do seu total. A partida máis importante vén dada das transferencias por parte da Administración Xeral do Estado, froito do modelo centralista imposto. Despois destas transferencias correntes, son tamén unha importante fonte de financiamento aqueles ingresos procedentes dos tributos provinciais xestionados, é dicir, das contías que os propios veciños e veciñas pagan de forma indirecta, o que pon novamente de manifesto a importancia da súa achega e a necesidade de que as administracións velen porque o destino destas teña unha finalidade non discrecional.

Desde o Bloque Nacionalista Galego, alén de cuestionar o marco artificial das divisións provinciais, de costas ás comarcas tradicionais galegas, e o seu modelo centralista deseñado para favorecer a uniformización do poder central, temos denunciado de forma contundente e concreta o uso da Deputación de Ourense como un mecanismo de control social e político que emprega recursos públicos para tal fin. O





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

último informe do Consello de Contas corrobora esta lectura, toda vez que dá conta das súas deficiencias canto a transparencia, canto ao cumprimento da normativa e canto ao sobrepeso das subvencións nominativas e de contratos menores. Esta liña de traballo é a que explica, tamén, que máis recentemente, despois das eleccións municipais de 2019 o Partido Popular impulsase o pacto da vergoña que ten aínda a día de hoxe bloqueada a cidade de Ourense para soste o funcionamento da Deputación de Ourense e para atopar os equilibrios internos necesarios para o mantemento de Feijóo na Xunta de Galiza.

Así, mentres nos últimos anos no resto das deputacións foron dando pasos a prol da obxectividade no reparto de fondos, a Deputación de Ourense funciona en dirección contraria: discrecionalidade e ineficiencia, agora sumada a unha política de bloqueo e paralización da cidade, que deba ser o motor das comarcas ourensás. Exemplo disto ten sido a Deputación Provincial de Lugo onde foi a Voceira do PP no seu pleno a que solicito a creación dun Plan Único que permitirá unha xusta distribución dos fondos provinciais entre os concellos da provincia. E así foi acordado pola totalidade dos grupos e se efectiviza dende fai anos.

Fronte o modelo caciquil imperante en Ourense o Bloque Nacionalista Galego ten defendido que, en tanto non sexan superadas, as deputacións deben afondar na elaboración e aprobación de Plans únicos de cooperación que baixo criterios obxectivos repartan os fondos para os concellos, a entidade máis achegada á veciñanza, evitando o uso coercitivo dos fondos e garantindo unha achega para estas entidades, tan castigadas tamén polos recortes e polo modelo de financiamento estatal e, no contexto máis recente, pola covid-19.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta de Galiza non pode permanecer allea ao demoledor informe do Consello de Contas e ao reparto discrecional dun volume tan amplo de orzamentos públicos que se reproducirá sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dubida unha vez máis nos informes das contas dos anos 2019 e 2020 e de non remedialo nas de 2021, xa que no mes de abril se volveron repartir a dedo máis de vinte millóns de euros.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que valoración fai a Xunta de Galiza do demoledor informe do Consello de Contas respecto da fiscalización da Deputación de Ourense para o exercicio 2018?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/05/2021 13:42:02

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/05/2021 13:42:12

Mercedes Queixas Zas na data 20/05/2021 13:42:19

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2021 13:42:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2021 13:42:33

Daniel Pérez López na data 20/05/2021 13:42:40

Iria Carreira Pazos na data 20/05/2021 13:42:47

Olalla Rodil Fernández na data 20/05/2021 13:42:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 20/05/2021 13:43:02

María del Carmen Aira Díaz na data 20/05/2021 13:43:09

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2021 13:43:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/05/2021 13:43:22

María González Albert na data 20/05/2021 13:43:30

Xosé Luis Bará Torres na data 20/05/2021 13:43:36

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2021 13:43:42

Alexandra Fernández Gómez na data 20/05/2021 13:43:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/05/2021 13:43:58

María do Carme González Iglesias na data 20/05/2021 13:44:04

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2021 13:44:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O motivo da urxencia é a necesidade de tomar medidas canto antes para depurar responsabilidades e evitar que se volvan producir feitos deste tipo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza adxudicou entre 2005 e 2021 45 contratos relativos a estudos e plans de conservación e recuperación de especies ameazadas, cun investimento de máis de 566.000 euros. Deses 45 contratos, 25 foron licitados no período 2005-2009 e 16 na etapa 2009-2021. Nalgún caso, adxudicouse en dúas ocasións o estudo para coñecer o estado de poboacións de aves de rapina ameazadas, polo tempo transcorrido desde o primeiro sen que se tomase ningunha medida ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo fixo público a asociación ADEGA, que tivo acceso á información dos plans despois de todo tipo de atrancos por parte da consellaría de medio ambiente, a empresa Greenalia tivo acceso á documentación de plans de conservación e recuperación de especies, aínda que estes non foron publicados no DOG nin eran de acceso público. Na memoria do documento de inicio do parque eólico Cerqueiral (concellos de Cabana, Coristanco e Santa Comba), a empresa fai referencia ao Plan integral de recuperación da *Centaurea ultrae*, planta endémica en perigo de extinción, e ao Plan integral de conservación da tartaraña cincenta e da gatafornela, dúas aves en situación de vulnerabilidade.

Estamos diante dun caso grave de manexo de información privilexiada por parte dunha empresa privada, o que debe dar lugar ás correspondentes explicacións e depuración de responsabilidades.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Por que razón a empresa Greenalia tivo acceso a información sobre o contido dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas que non eran de acceso e coñecemento público?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2021 09:32:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/05/2021 09:32:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 24/05/2021 09:33:00

Rosana Pérez Fernández na data 24/05/2021 09:33:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/05/2021 09:33:16

Daniel Pérez López na data 24/05/2021 09:33:25

Iria Carreira Pazos na data 24/05/2021 09:33:32

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2021 09:33:41

Daniel Castro García na data 24/05/2021 09:33:53

María del Carmen Aira Díaz na data 24/05/2021 09:34:03

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2021 09:34:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/05/2021 09:34:21

María González Albert na data 24/05/2021 09:34:28

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2021 09:34:36

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2021 09:34:43

Alexandra Fernández Gómez na data 24/05/2021 09:34:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/05/2021 09:34:58

María do Carme González Iglesias na data 24/05/2021 09:35:07

Paulo Ríos Santomé na data 24/05/2021 09:35:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as inspeccións realizadas pola Xunta de Galiza ao Servizo de Axuda no Fogar de acordo co previsto no Plan de inspección de servizos sociais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Anualmente a Xunta de Galiza publica o Plan de inspección de servizos sociais de Galiza no que, por resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellaría, determina o desenvolvemento do labor de fiscalización e control dos servizos sociais e o cumprimento das obrigas e dereitos tanto das entidades prestadoras como das persoas usuarias dos mesmos.

Entre as inspeccións previstas anualmente atópase o Servizo de Axuda no Fogar, nomeadamente aquel prestado por empresas privadas.

Desde o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando a situación de precariedade na que se atopan as traballadoras do SAF tanto nas condicións de traballo (contrato e tipo de xornada) como salariais.

Así pois, temos defendido en diversas ocasións a necesidade de revisar a normativa que regula o servizo, o incremento da aportación da Xunta ao financiamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do servizo (9,7 euros/hora desde hai máis dunha década) e o incremento horario do mesmo, especialmente en intensidade para as persoas usuarias.

POP

Cales son as principais irregularidades e incumprimentos detectados polos servizos de inspección de Política Social neste servizo?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2021 09:41:17

María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2021 09:41:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2021 09:41:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o período de adaptación na educación infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de presentar unha proposta de orde para o calendario escolar 2021/22 que ten importantes consecuencias para o período de adaptación en 4º de educación infantil (3 anos).

Esta orde limita o papel dos docentes á hora de tomar decisións sobre o período de adaptación na educación infantil o que ten importantes consecuencia para a dinámica educativa das crianzas.

O proceso de adaptación na Educación Infantil debe ser un proceso flexíbel e adaptado ás necesidades das nenas e nenos. Un período que permita tamén integrar ás familias nun proceso de cambios para unha crianzas e aos docentes coñecer e avaliar as necesidades dunhas nenas e nenos que precisan dunha inclusión axeitada para que os novos apegos repercutan de xeito positivo na súa integración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza modificar a orde do calendario escolar 2021/22 para garantir que sexan os equipos docentes de EI, coordinados co equipo directivo e o resto do claustro os que tomen as decisións sobre o período de adaptación en educación infantil asumindo que debe ser flexíbel en horario e duración?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/05/2021 10:03:44

Daniel Castro García na data 14/05/2021 10:03:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/05/2021 10:04:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da sanidade pública no Concello da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde da Guarda padece dende hai anos unha situación que os propios profesionais cualifican de extrema. A falta de coberturas das ausencias dos profesionais (en ocasións por máis dun ano) fan que o colapso da atención sanitaria sexa unha realidade cotiá. Mais por se isto non fose dabondo, a situación empeorou coa marcha dun profesional a outra comunidade.

Actualmente na Guarda hai cupos que levan máis dun ano sen médicos de referencia, o que implica un deterioro da atención sanitaria que inflúe en todo o persoal (facultativos, persoal de enfermería, PSX...) e que se ve agravado tanto pola distancia ao hospital de referencia (a case unha hora en coche) como pola centralización da servizo de pediatría de Oia e o Rosal, neste centro.

A situación acada tal nivel de gravidade que hai escasos días o centro de saúde ficou cun único facultativo para atender a toda a veciñanza; o que obrigaría a deixar o centro de saúde sen atención, se houber unha urxencia que obrigase a saír.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno Galego solucionar os problemas do centro de saúde de A Guarda, dotando este centro do persoal necesario para reforzar os servizos de pediatria, enfermaría e PSX e contemplando o dobre equipo no PAC da Guarda?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/05/2021 10:52:44

María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2021 10:52:47

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2021 10:52:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre as modificacións no calendario escolar anunciadas polo Consellaría de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación anunciou o cambio dos exames finais extraordinarios entre os días 17 e 21 de xuño. Este cambio, que afecta á ESO, 1º BAC e 1º de FPB realizouse unha vez máis de xeito unilateral, sen contar con axentes fundamentais da comunidade educativa (como as ANPAS) e sen convocar un órgano como o Consello Escolar, que sería o axeitado para avaliar esta modificación e as súas consecuencias.

Mais por se isto non fose dabondo, este cambio unilateral chega unha vez máis cunha absoluta ausencia de avaliación, estudo e contraste, tanto da medida como das súas consecuencias. Unha modificación que se adopta sen unha análise dos datos de repetidores no noso país (dos máis altos de Europa), sen avaliación de programas como PROA+ ou ARCO, sen avaliación do decretazo contra o galego, nin de EDIXGAL... nin de ningún dos elementos necesarios para contextualizar e valorar unha medida deste calado.

Porén, este cambio no calendario escolar, que precisaría primeiro de todo de grandes consensos e de estudos serios que permitisen adoptala con eficiencia estará





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha vez máis condenada ao fracaso se non vai acompañada de mecanismos que permitan implementala sen que teña consecuencias negativas para a comunidade educativa. Medidas como a redución das rateos, a modificación horaria do profesorado, a reorganización curricular, coordinacións didácticas que permitan plans de reforzo que eviten as repeticións ou o afortalamiento da avaliación continua, etc.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para levar adiante sen consecuencias negativas para a comunidade educativa o cambio nos exames finais extraordinarios?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/05/2021 11:51:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/05/2021 11:51:43

Daniel Castro García na data 14/05/2021 11:51:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desenvolvemento normativo dos requirimentos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten un déficit normativo en materia de discapacidade. Alén do marco xeral que fixa a lexislación estatal, apenas desenvolveu instrumentos propios encamiñados a garantir os dereitos fundamentais das persoas con discapacidade e, sobre todo, a determinar as condicións materiais e de funcionamento dos servizos dirixidos á súa atención.

De feito, no Plan de inspección de servizos sociais de Galiza para o ano 2020 a propia Xunta sinalaba como unha liña de actuación (nº5) a mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais. Entre as actuacións a desenvolver, incluía a “elaboración dunha orde de desenvolvemento parcial do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, no relativo aos requisitos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, malia non cumprir con tal compromiso, en 2021 desaparece ficando o devandito apartado reducido aos seguintes obxectivos:

a) Proponer ao órgano competente a modificación dos textos normativos na materia, co fin de adaptalos ás necesidades actuais e á propia experiencia da Inspección de Servizos Sociais derivada do exercicio das súas funcións.

b) Participar e asesorar na elaboración dos anteproxectos normativos en que se solicite a dita participación.

Este déficit normativo leva o noso país a carecer, por exemplo, dun instrumento que determine que condicións arquitectónicas deben ter os centros residenciais para persoas con discapacidade ou a rateo mínima de persoal así como o perfil profesional destes servizos, por citar apenas algúns.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos reclamando a actualización da Orde que regula desde 1996 os centros de atención a maiores por non se axustar á realidade actual e ficar moi lonxe das necesidades que hoxe presentan as persoas, especialmente dependentes, que son usuarias de residencias ou vivendas comunitarias, por exemplo. Porén, no ámbito da discapacidade nin sequera existe unha normativa ao respecto.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non desenvolveu até o momento normativa específica no relativo aos requisitos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/05/2021 12:42:31

María Montserrat Prado Cores na data 14/05/2021 12:42:36

Iria Carreira Pazos na data 14/05/2021 12:42:45



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado luns produciuse un accidente na estrada PO-322, no lugar da Xesteira concello de Cerdedo-Cotobade.

Non foi o primeiro e, lamentablemente, tampouco vai ser o último, nunha estrada que ten tramos perigosos e con escasa visibilidade, ao que se suma a ausencia de beirarrúas en moitos lugares, as condicións do firme e a velocidade á que transcorren algúns vehículos.

Tendo en conta o anterior, os veciños e veciñas desta parroquia levan anos denunciando este perigo ao que están sometidos cando transitan pola beira desta estrada a pé ou ter que utilizala diariamente en vehículo.

O accidente do pasado luns, no que resultaron dúas persoas feridas, produciuse nun tramo que ten unha elevada perigosidade, situado no cruce que dá acceso á Rascadeira, porque neste conflúen varios factores como son:

- a escasa visibilidade ao atoparse o cruce na saída dunha curva moi pronunciada.
- unha parada de autobuses.
- zona de acceso a distintas vivendas.
- exceso de velocidade dos vehículos.

O Goberno da Xunta ten que garantir a seguridade viaria nas estradas autonómicas, e a seguridade dos veciños e veciñas deste lugar, polo tanto, ten a obriga de actuar nesta zona para evitar que segan a acontecer feitos coma o desta semana.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego levar a cabo de forma urxente, a execución das medidas necesarias no tramo da estrada PO-322 á altura do lugar da Xesteira, en concreto no cruce que dá acceso á Rascadeira, co fin de reducir a perigosidade?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/05/2021 12:01:36

Patricia Otero Rodríguez na data 14/05/2021 12:01:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/05/2021 12:01:59



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os humidais son ecosistemas dun elevado valor ecolóxico, que actúan como soporte dunha importante biodiversidade, incluíndo aves, anfibios, réptiles e mamíferos, e contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático. Son esenciais para frear riadas e inundacións en épocas de crecida de caudais, crean chan, estabilizan as costas, controlan a erosión e recargan e purifican acuíferos e augas subterráneas. Ademais as turbeiras e humidais arborados son particularmente importantes como sumidoiros de carbono, estimándose que as turbeiras almacenan máis do 25 % do carbono do solo, a pesar de representar o 3 % da superficie.

Galicia, dadas as súas características climatolóxicas e xeográficas, conta aínda cunha elevada riqueza deste tipo de espazos ecolóxicos, a pesar de que moitos desaparecer en e moitos máis sufriron agresións de todo tipo nas últimas décadas.

O convenio Ramsar de 1982 marcou o inicio da protección destes espazos, complementada pola lexislación ambiental europea e pola directiva marco de augas, así como pola propia lexislación estatal. En Galicia, o Decreto 127/2008, de 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establece a regulación especificamente autonómica na materia, tendo como obxectivos, segundo o artigo 1 do propio decreto:

- a) O desenvolvemento do réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establecido no artigo 14 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.
- b) A creación e regulación do Inventario de humidais de Galicia.

Consonte ao artigo 13, o inventario configúrase como o instrumento que recollerá de forma sistemática os humidais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídos nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II.



Segundo o artigo 14.1 do decreto, o Inventario de humidais de Galicia “constitúe un rexistro público de natureza administrativa dos humidais localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” e segundo o artigo 14.3 “o inventario de humidais de Galicia ten carácter público e poderá ser obxecto de consulta pública permanente”.

Finalmente, o artigo 15 determina que a inclusión dos humidais no inventario se faga de oficio e sexa obxecto de publicación no DOG.

A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, 12 anos despois da entrada en vigor desta norma non existe o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto.

Deste xeito, fóra dos 5 humidais teoricamente protexidos da ría do Eo, ría de Ortigueira e Ladrido, lagoa e areal de Valdoviño, complexo das praias, duna e lagoa de Corrubedo e complexo intermareal Umia-O Grove, o resto dos humidais de Galicia non existen para a Administración, polo que habitualmente nin sequera son tidos en conta nas declaracións de impacto ambiental, por exemplo dos numerosos parques eólicos que se están a desenvolver nos últimos tempos.

Non obstante, cada ano a Xunta celebra o día mundial dos humidais falando da súa importancia coa foto e nota de prensa correspondente. Así, por exemplo, no cada vez máis distante ano 2013, o delegado da Xunta en Ourense personábase na Limia (exemplo de degradación de espazos deste tipo) para dicir que o 80 % destes espazos “tería a máxima protección ambiental”, quedando incluído na ampliación da Rede Natura, que consideraba inminente. Tamén cuantificaba o seu número afirmando que Galicia conta con 1.100 humidais, que suman 70.000 hectáreas repartidas maioritariamente entre os sectores litorais e as áreas de montaña, “segundo o inventario da Xunta”, cousa moi sorprendente considerando que tal inventario non existe aínda a día de hoxe.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cal é o motivo de que 12 anos despois da aprobación do decreto que obriga ao Goberno galego a facer o inventario de humidais, tal inventario non exista?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 14/05/2021 11:37:19

Paloma Castro Rey na data 14/05/2021 11:37:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de intérpretes no SERGAS para o colectivo de persoas xordas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de febreiro a Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei do BNG nos seguintes termos:

“O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes a disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.”

Ese acordo poñía fin a unha desatención habitual do colectivo de persoas xordas no conxunto da atención e asistencia sanitaria que a pandemia do coronavirus veu acrecentar quer pola imposición da distancia social e a opción do atendimento telefónico quer polo uso continuado de máscaras faciais.

É por iso que, superado un ano do comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso aos coidados da saúde con máximas garantías.

Unha situación de vulnerabilidade que cómpre revertir desde a Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Iniciou o goberno o proceso de creación da bolsa de intérpretes para persoas xordas de forma continuada no sistema de saúde pública galega tal e como foi aprobado nesta cámara o pasado 25 de febreiro?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/05/2021 09:22:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 18/05/2021 09:22:46

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2021 09:22:54

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2021 09:23:03



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A terceira onda da covid-19 fixo que o comercio en Galicia, acumúlase once meses de malas vendas consecutivas. Segundo informou onte o Instituto Nacional de Estatística (INE), as vendas das tendas polo miúdo caeron outro 7,2 % en febreiro.

A categoría de equipamento persoal, que inclúe artigos de moda, volveu ser a máis afectada, cunha caída do 30,1 % nos ingresos en febreiro, case tanto como a caída do 30,6 % rexistrada en abril de 2020, en plena primeira onda da pandemia e cun estrito confinamento.

O comercio de equipamentos domésticos soportou mellor o golpe, cun lixeiro descenso do 1,1 % en febreiro, tras caer un 4,1 % no primeiro mes do ano. Ademais, este foi o sector que liderou a recuperación do comercio desde o verán pasado. E a comida, que ata agora non se vira afectada polas restricións, rompeu a súa racha alcista en febreiro e reduciu as súas vendas nun 2,5 %.

Xa no mes de marzo o comercio parece que comeza a recuperarse moi pouco a pouco, despois dun longo ano de peches e restricións. O INE atribúe ao sector minorista galego un aumento das vendas do 19 % nese mes, en comparación con marzo de 2020, mes no que se decretou o estado de alarma e o peche do comercio non esencial.

No que se refire ao emprego no sector, a diminución das vendas lóxicamente mostra unha baixada do emprego de ata o 2,6 % en Galicia no mes de febreiro.

Con estes datos a Xunta de Galicia ten que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. O Goberno autonómico ten que axudar as pequenas empresas e os autónomos necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.



O grupo parlamentario socialista reclama á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia.

O Goberno autonómico carece de acción fronte á crise económica, carece de compromiso e de medidas para a reactivación económica. Ten que poñer en marcha inmediatamente un plan de reapertura para o pequeno e mediano comercio para protexer ós galegos e galegas fronte a crise económica. A Administración autonómica non pode dar unha resposta á maior crise económica fora de tempo, con meses de retraso e cando pasou máis dun ano do comezo da crise.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia poñer en marcha un plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia?

Pazo do Parlamento, 18 de maio do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/05/2021 16:40:31

Martín Seco García na data 18/05/2021 16:40:37



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os centros de día son, segundo a propia Consellería de Política Social o mellor marco para a práctica terapéutica coas persoas potencialmente usuarias e para o apoio ás familias cuidadoras, promovendo a máxima que orienta todas as políticas sociais actuais neste sector, a do mantemento das persoas maiores no seu contorno.

A comunidade profesional no eido da xerontoloxía evidencia a imperiosa necesidade da implantación dun recurso cuantitativa e cualitativamente inexistente na realidade galega: os centros de día para persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela.

A nosa realidade sociodemográfica lévanos a debuxar un marco de atención centrado, aínda que non en exclusividade, no medio rural galego, onde a prevalencia de persoas maiores é máis sobresaínte e a inexistencia de recursos especializados notoria.

Os centros de día defínense como centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que durante o día prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no contorno habitual.

As anteriores afirmacións corresponden á propia Administración autonómica, polo que debería estar fóra de toda cuestión que a ampliación da rede de centros de día debe (ou debería) constituír unha prioridade.

Nos orzamentos da consellería competente atopamos permanentes referencias á importancia deste recurso. Citando o último aprobado, o do ano 2021, afírmase que o importante avance na creación de novos recursos asistenciais durante os dous últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, así como en relación ao servizo de axuda no fogar, non só permitiu dar resposta a persoas



en espera de atención senón que ao mesmo tempo incrementou a ratio de rotación de persoas nos servizos.

Pero o concello de Vilalba, inexplicablemente, non se atopa entre os que teñen experimentado as melloras esperables neste ámbito. Tanto dende o Goberno municipal do concello como dende o Grupo Parlamentario Socialista neste Parlamento se ten demandado con insistencia a creación dun centro de día, coa inclusión de emendas aos orzamentos para esa dotación, emendas que foron sempre rexeitadas polo Grupo Parlamentario Popular.

O certo é que o Partido Popular de Vilalba tense manifestado nos últimos días a favor da construción dun centro de día en Vilalba o que supón un xiro que celebramos, pero que é sorprendente por dous motivos fundamentais:

- En primeiro lugar, porque o Partido Popular mantivo o Goberno municipal do concello de Vilalba ata as eleccións municipais do ano 2019 coincidindo dende o ano 2009 cun goberno do mesmo partido na Xunta de Galicia, sen que tal dotación formase parte das demandas coñecidas do Goberno do concello que ben podería ter atopado neses dez anos no Goberno autonómico apoio a tan necesario servizo para a poboación de Vilalba.
- En segundo lugar, porque a proposta do Partido Popular de Vilalba está vinculada a que o financiamento do novo centro de día está vinculada aos fondos *Next Generation*, sen saber neste momento se tal posibilidade se vai materializar. Semella, en definitiva, un argumento pouco sólido e que busca responsabilizar ao Goberno do Estado ante unha posible falla de financiamento por esa vía; estratexia que busca enganar á opinión pública de Vilalba na liña seguida polo Partido Popular de Galicia: se as cousas se conseguen é porque o Goberno da Xunta de Galicia o fixo posible e, se non se conseguen, sempre hai un culpable externo que, neste caso, sería o Goberno do Estado.

En todo caso, recoñecida con vehemencia a necesidade dun centro de día para o concello de Vilalba por parte do Partido Popular dese concello, e tendo en conta que os orzamentos da Consellería de Política Social, en palabras do propio Goberno da Xunta de Galicia, “*supoñen a maior inversión da historia*”, entendemos que con fondos *Next Generation* ou sen eles, se abre unha clara ventá de oportunidade para que este concello conte con esta dotación, posto que non cuestionamos o verdadeiro compromiso e consenso político que se dá neste momento.



Por iso, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia, como afirma o Partido Popular de Vilalba e ten demandado tanto o Goberno municipal deste concello como o Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia, que é necesario dotar a este concello dun centro de día?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/05/2021 13:39:22

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2021 13:39:35

Marina Ortega Otero na data 18/05/2021 13:39:49

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2021 13:40:01



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A finais de 2017 o Grupo TOYSAL (Toca Salgado SL) rexistraba no Concello de Teo unha solicitude de compatibilidade urbanística para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de biogás na antiga canteira de Casalonga, un proxecto que foi arquivado por Medio Ambiente da Xunta de Galicia tras un informe municipal de incompatibilidade urbanística.

Xa en marzo de 2018, a canteira anunciaba que retomaba a súa actividade extractora, mais a realidade é que en todo o tempo transcorrido ata hoxe non existiu ningunha actividade e por esa razón no verán de 2019 o Goberno galego abríalle expediente de caducidade, un expediente arquivado incomprensiblemente ao ano seguinte con total opacidade.

O abandono das instalacións consecuencia da inexistencia de actividade está a provocar o inicio dun vertedoiro incontrolado de residuos nas parcelas da canteira e cun déficit absoluto de seguridade na zona, do que son coñecedores nas direccións xerais de Minas e Medio Ambiente.

Recentemente, a directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais aseguraba na Comisión 6ª do Parlamento de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario Socialista, que a Dirección Xeral de Minas lle requirise á actual empresa concesionaria un plan de restauración actualizado ao Real decreto 975/2009 logo de que por dúas veces fora rexeitado por criterios ambientais. Na súa comparecencia afirmaba que neste momento se está a estudar un terceiro plan de restauración presentado en maio de 2020 que “non presenta grandes variacións ao aprobado en 2002 senón que o adapta á normativa actual e contempla un uso forestal do terreo”, pero “en ningún caso vai ser un vertedoiro”.

Sobre este último plan de restauración presentado por Toca Salgado SL, existe un informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental de data 27/07/2020 que conclúe a non necesidade de modificar a Declaración de Impacto Ambiental ao entender que “examinada a documentación e considerando que a diferenza entre



este plan de restauración de maio de 2020, presentado como adaptación ao vixente Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, e o plan de restauración de maio de 1998, actualmente aprobado e que serviu de base para emisión da DIA do 9 de xaneiro de 2001 e o outorgamento da concesión de explotación “Casalonga” nº 6996 por reclasificación do recurso da autorización de aproveitamento de recursos da sección A) “Casalonga” nº 69, é o uso do solo trala rehabilitación do oco de explotación, de uso para construción de naves industriais a uso forestal, en concordancia co uso principal dos solos da contorna, comunícaselle que non resulta necesaria a modificación da mencionada declaración”.

Resulta cando menos curioso que a Dirección xeral de Calidade Ambiental non teña en conta o cambio absoluto da contorna en 23 anos, que entre outros elementos contempla a existencia de dúas lagoas naturalizadas con ecosistemas completos asentados, que non existían cando foi redactado o plan de restauración do ano 1998.

A propia Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en relación cun anterior plan de restauración presentado pola mesma empresa, indicaba a necesidade de incluír “un exhaustivo e detallado inventario e cartografado de especies, hábitats e hábitats das especies, dos efectos sobre estes, das medidas específicas e concretas a adoptar para que non haxa deterioro ou alteracións significativas, xunto cun plan de restauración que, considerando o anterior, maximice a integración no medio. A atención destacada e específica debe efectuarse de cara a reflectir a información e medidas precisas que garanta a non afección directa ou indirecta á integridade do Espazo Protexido Rede Natura 2000 “Sistema fluvial Ulla-Deza”.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Logo dos múltiples cambios lexislativos e de catalogacións de especial protección de zonas afectadas, non considera o Goberno galego que a Declaración de Impacto Ambiental de 2001 do proxecto de restauración da mina de Casalonga sobre un documento do ano 1998 está obsoleta?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/05/2021 13:35:04





Pablo Arangüena Fernández na data 18/05/2021 13:35:19

Paloma Castro Rey na data 18/05/2021 13:35:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Boiro é o segundo concello máis poboado da comarca do Barbanza con preto de 19.000 habitantes, dos cales un 22 % é maior de 64 anos, segundo datos do Instituto Galego de Estatística. Non obstante, ese municipio carece de servizos públicos de atención integral e continuada para as persoas maiores, cando vén sendo unha necesidade cada vez maior para a súa veciñanza.

A demanda desta infraestrutura para o municipio está ademais amparada por unha plataforma que ten recollidas preto de 3.000 sinaturas. Para a construción desta residencia pública o Concello pon a disposición da Consellaría de Política Social uns terreos urbanos do plan parcial de Barraña e mesmo o proxecto.

É fundamental que os veciños e veciñas de Boiro conten cunha residencia de maiores pública, que evite o éxodo dos seus habitantes cara a outros núcleos de poboación que dispoñen deste tipo de recursos con prazas libres, normalmente de carácter privado e cuns prezos inasumibles. Hai que ter en conta, por outra banda, que a familia e contorna da persoa que ingresa nunha residencia fóra do seu núcleo terá dificultades engadidas para visitar e manter contacto habitual con ela.

A pandemia puxo de manifesto a necesidade de atender os maiores con calidade asistencial e por iso é preciso que o Goberno galego se comprometa cun modelo de atención de maiores que priorice as residencias públicas. Precisamente para garantir unha maior eficiencia na xestión, xunto coas evidentes razóns económicas para as persoas usuarias, esta residencia debe ser de titularidade pública.

Por todo o exposto, dende o Grupo Parlamentario Socialista instamos a Xunta a que acceda á demanda veciñal para dotar dunha residencia pública de persoas maiores o concello de Boiro e así contribuír a mellorar as condicións de vida das súas persoas maiores e das familias, ao tempo que se colabora no marco de acción do plan de impulso demográfico de Galicia afianzando poboación.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Considera a Xunta de Galicia necesario e urxente a construción dun centro público de atención residencial en Boiro?





Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/05/2021 17:09:03

Marina Ortega Otero na data 18/05/2021 17:09:16

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2021 17:09:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a eliminación de postos de traballo e peche de tendas da empresa H&M en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao abeiro da reforma na lexislación introducida polo Partido Popular no ano 2012 e mantida na súa integridade polo actual goberno do estado español, a empresa denominada H&M anunciou a presentación dun expediente de regulación de emprego que afectaría implicará o peche de tres das oito tendas abertas ao público en Galiza (Ourense, Príncipe en Vigo e Ferrol) así como modificacións en outras tres (Marineda en A Coruña, Gran Vía en Vigo e Lugo), afectando a máis de 65 traballadores e traballadoras.

No caso particular da cidade de Ourense anunciouse o peche do establecemento e a extinción de 20 postos de traballo, empregos directos, dándose o caso de que, segundo dados da propia empresa, este é unha das tendas de maior rendibilidade da empresa, concretamente a terceira de todos os centros que a mercantil ten abertos en todo o estado español. A pesares do que a empresa anunciou a súa intención de proceder ao peche da mesma e ao despedimento de todas as traballadoras en Ourense. Xa que logo a existencia de beneficios na empresa e da rendibilidade do centro non é obstáculo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para os despedimentos en tres centros, e a modificación das relacións laborais en outros tres, isto é, todos os dos que dispón a empresa en Galiza, agás os de Pontevedra e Santiago.

Certamente ao tratárense dun ERE que a nivel estatal atinxe a 126 establecementos e a máis de 1.100 traballadores, a normativa actualmente vixente (consecuencia da Reforma Laboral de 2012) posibilita que do período de consultas fiquen excluída unha parte moi significativa das traballadoras atinxidas, que non van ter nin voz nin voto na aludida mesa de negociación do Expediente de Regulación de Emprego, sen que sexa precisa (por obra e graza da meritada reforma laboral) a aprobación da autoridade laboral.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno galego para evitar ou minimizar as consecuencias do Expediente de Regulación de Emprego da mercantil H&M en Ourense e en Galiza e para posibilitar que o ERE sexa negociado por territorios e non a nivel estatal?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Carme González Iglesias
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/05/2021 17:34:30

Daniel Pérez López na data 18/05/2021 17:34:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/05/2021 17:34:45

Mercedes Queixas Zas na data 18/05/2021 17:34:55

María do Carme González Iglesias na data 18/05/2021 17:35:05





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recentemente aprobada lei de Recuperación da Terra Agraria inclúe unha moratoria do eucalipto que tras publicitarse desatou unha febre plantadora sen parangón, tamén en terras agrícolas e pecuarias.

Ademais da ilegalidade que supón a forestación destas terras de alto valor produtivo, o anuncio da tal moratoria produciu o efecto contrario do que en teoría pretendería a lei antes mentada. Aqueles propietarios agrarios que abandonaran a actividade gandeira ou agrícola e que puxeran dun xeito ou doutro esas terras a disposición de explotacións en activo, visto o anuncio de que se acababa o mundo, reclamaron o seu uso para nun supremo esforzo... forestalas.

Tanto naqueles concellos que teñen PXOM coma nos que non o teñen, ninguén move un dedo para a reposición da legalidade. Desde os distritos, con sobrecarga, tentan actuar sobre aquelas fincas que foron denunciadas, sabendo que desde a Consellería hai orde tácita, nunca escrita, de lles dar largas e non actuar.

Desde a Consellería quedou xa patente a súa postura...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E entre tanto de nada serven as comunicacións de corta nin de plantación porque ninguén comproba nin supervisa nada. E neste reino do caos as autoridades instigan, para se xustificaren, a que se denunciem estas situacións de xeito particular pretendendo xudicializar o cumprimento da lei.

Esta situación está provocando enfrontamentos innecesarios entre veciños e veciñas, uns gandeiros/as en activo e outros/as xubilados/as ou absentistas.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Sabe o Goberno galego da forestación ilegal de terra agropecuaria e en consecuencia que medidas está a tomar ao respecto para a reposición da legalidade?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2021 09:16:58

María González Albert na data 19/05/2021 09:17:02

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2021 09:17:11



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A conserveira Thenaisie Provote, coñecida en O Grove como “a fábrica de Rons”, dedicada á conserva, vén dende hai tempo pasando por unha situación difícil na que a firma empresarial propietaria encamiñou a súa descapitalización, coa conseguinte perda de competitividade e ameaza sobre os empregos.

A Xunta de Galicia, a través do Igape e dos mecanismos que a Consellería do Mar ten para participar e colaborar no desenvolvemento empresarial do sector mar – industria, tivo na súa man poder resolver a situación coa procura activa de posibles compradores ou coa mediación coa firma propietaria para buscar solucións que tiveran en conta ao colectivo de traballadoras e ao impacto social dunha perda empresarial deste nivel.

A empresa, con traballadoras en O Grove na nave conserveira e en Mos na central operativa e de loxística, funcionou con normalidade ata hai pouco tempo, sendo o sector da conserva un eido puxante e en crecemento. Esta firma empresarial, ademais, foi sempre recoñecida pola calidade das súas traballadoras e da súa eficiencia. Non en tanto os criterios de especulación empresarial, que viñeron xogando cos postos de traballo, foron admitidos sumisamente por unha Xunta de Galicia que mantivo un intento de aparentar actividade pero que presentou, na vertente real, unha inacción evidente ante o que era un proceso de descapitalización para vender, ao final do proceso, a outra firma empresarial que puidera alixeirar de postos de traballo a empresa.

O Parlamento de Galicia debateu sobre esta cuestión en diversas ocasións, máis a posición política do Partido Popular, que sustenta ao goberno, quedou en evidencia cando se manifestaron a favor de manter a actividade e emprego pero negáronse a aceptar que o acordo parlamentario incluía a defensa de manter todos os postos de traballo. Na mesma altura o Goberno galego foi advertido polo Grupo Socialista de que debía contar toda a información que puidera ter sobre o interese dalgunha empresa, que puidese ter ambición de facerse coa firma pero reducindo un gran volume de traballadoras, mais o goberno negouse e agochou a existencia deste intercambio empresarial prexudicial para os traballadores e traballadoras, validando e servindo de aval para esta operación.



Na actualidade a Xunta de Galicia amosou ser incapaz de resolver a situación, evidenciando que apostaron por favorecer a unha empresa concreta que entrara na solución pero que terminou por retirar a súa oferta. Así, a administración autonómica dificultou todas as posibilidades de atopar unha solución pero tampouco conseguiu ningunha que fose viable.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno galego falseou en sede parlamentaria a información que é evidente que tiña sobre as posibles vías polas que se encamiñou a situación de Thenaisie Provote?

Pazo do Parlamento, 18 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/05/2021 10:31:33

Patricia Otero Rodríguez na data 19/05/2021 10:31:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O único modo que ten o rural galego de manterse en boas condicións é garantindo o relevo xeracional, entendemos que esta afirmación é incuestionable.

Entre as medidas que se poden implementar dende a Xunta de Galiza é a xestión das axudas europeas no segundo pilar da PAC, esta medida aínda que con moitas carencias pode animar ás persoas mozas a aventurarse non mundo agropecuario, difícil e complexo.

Xorde estes días a nova de que o Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galiza (TEAR-G) resolveu considerar como unha ganancia patrimonial para nais ou pais a cesión da súa explotación a seus fillos e fillas, e polo tanto deben tributar por ela.

Como coñecemos as presentes, o habitual no rural é que non haxa intercambio económico entre as persoas maiores e os fillos/as, é máis, é toda a familia a que se implica para modernizar as explotacións de cara ao futuro.

Evidentemente, hai que declarar os ingresos á axencia tributaria, iso é innegable, pero non pasou nada cando este mesmo tribunal resolveu a favor de que non tributara





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diante da AEAT, o traspaso entre cónxuxes en réxime de gananciais, non só iso senón que foi positivo e evitou a precarización das familias.

Agora estamos a ver que é incompatible o pago destes impostos coa potenciación do relevo xeracional e o mantemento dun rural vivo e en bo estado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta facer valer a realidade das explotacións galegas diante do Ministerio de Facenda para evitar a desincentivación da continuidade das explotacións no medio rural?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2021 10:41:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 19/05/2021 10:41:23

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2021 10:41:35



A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na última década, leváronse a cabo en Galicia importantes avances en materia de urbanismo e protección da paisaxe. O último paso foi avanzado nas pasadas semanas polo Goberno galego, que avanzou que está traballando na posta en marcha da xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que terá funcións específicas de consulta e asesoramento e cuxa creación está prevista na Lei do Solo.

Este novo órgano virá a substituír á actual Comisión superior de urbanismo de Galicia, asumindo as súas funcións e tamén outras novas.

Segundo explica o Goberno galego, o obxectivo da posta en marcha da nova Xunta consultiva é facilitar aos distintos operadores técnicos e xurídicos que traballan no eido do territorio e do urbanismo o desenvolvemento das súas funcións, ao tempo que se contribúe á axilización dos diferentes expedientes administrativos necesarios para obter un permiso, autorización ou licenza.

Tendo en conta a importancia deste novo organismo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as funcións que terá a nova xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo?



Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 19/05/2021 13:11:23

José Manuel Balseiro Orol na data 19/05/2021 13:11:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 19/05/2021 13:11:54

Diego Calvo Pouso na data 19/05/2021 13:12:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2021 13:12:30

Carmen María Pomar Tojo na data 19/05/2021 13:12:41

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/05/2021 13:13:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado mes de outubro de 2020, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda compareceu ante o Parlamento de Galicia para explicar as liñas do denominado Pacto Social pola Vivenda 2021-2025.

Na súa intervención, explicou que este documento estaba sendo avaliado polo Observatorio da Vivenda de Galicia, no que se atopan representados todos as entidades do sector, os municipios e os consumidores. Engadiu, ademais, que o obxectivo era avanzar nas medidas iniciadas pola Xunta durante a última década para aumentar a igualdade de oportunidades no acceso a unhas condicións vitais dignas, especialmente no que respecta ao acceso á vivenda.

Posteriormente, en xaneiro de 2021, o documento do Pacto Social pola Vivenda foi asinado polo Presidente da Xunta e os membros do observatorio. Neste acto destacou que este pacto consensuaba as prioridades do sector coas da poboación e sería a folia de ruta en materia de vivenda dos vindeiros 5 anos.

Tamén se fixo fincapé en que este pacto está pensado para beneficiar ás familias e profesionais de Galicia e que ten o emprego como eixo principal para impulsar a reactivación económica tras a pandemia da COVID-19.

Tendo en conta a importancia deste documento, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Cal é o balance dos primeiros meses de execución do Pacto Social pola Vivenda 2021-2025?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 19/05/2021 13:16:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Balseiro Orol na data 19/05/2021 13:17:00

Ramón Carballo Páez na data 19/05/2021 13:17:15

Diego Calvo Pouso na data 19/05/2021 13:17:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2021 13:17:45

Carmen María Pomar Tojo na data 19/05/2021 13:17:56

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/05/2021 13:18:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Corina Porro Martínez, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Consello de Xunta aprobou o pasado 6 de maio a declaración de catro novas Áreas de rehabilitación integral (ARI) no concello de Vigo, que suma deste xeito un total de oito e se converte no segundo municipio galego con máis figuras deste tipo, tan só por detrás da Coruña, que ten 10. Trátanse concretamente das ARI de Espiñeiro-Teis, Beiramar, San Roque e San Pablo.

Cómpre lembrar que en 1997 foi declarada a primeira figura deste tipo na cidade olívica: a ARI do Conxunto histórico; en 2003 aprobouse a de Bouzas; e no ano 2015 sumáronse as de Santa Clara e a das Rúas Bueu-Moaña.

Desde entón, Vigo recibiu unha asignación total de 16,1 millóns de euros para a realización de actuacións de rehabilitación nestes catro ámbitos.

O balance provisional ata o momento é de 1.413 vivendas rehabilitadas grazas a un investimento de 8,1 millóns de euros procedentes de fondos públicos.

Tendo en conta a importancia desta declaración para a cidade de Vigo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as características destas Áreas de rehabilitación integral (ARI), de Vigo?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 19/05/2021 12:59:14

María Corina Porro Martínez na data 19/05/2021 12:59:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Teresa Egerique Mosquera na data 19/05/2021 12:59:47

José Manuel Balseiro Orol na data 19/05/2021 12:59:59

Ramón Carballo Páez na data 19/05/2021 13:00:13

Diego Calvo Pouso na data 19/05/2021 13:00:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2021 13:00:47

Carmen María Pomar Tojo na data 19/05/2021 13:00:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/05/2021 13:01:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Corina Porro Martínez, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de presentar neste mes de maio ante o Concello de Vigo os proxectos de urbanización necesarios para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo.

Deste xeito, o Concello dispón xa da documentación correspondente ás tres fases nas que se divide a urbanización e, polo tanto, pode continuar coa súa tramitación e aprobación, un paso indispensable para poder licitar as obras.

Cómpre lembrar que a ampliación do solo residencial neste ámbito permitirá a construción dunhas 1.600 novas vivendas protexidas na cidade de Vigo, o que suporá un investimento de 250 millóns de euros por parte de promotores públicos e privados.

E que se actuará, en total, sobre unha superficie de 265.000 metros cadrados que, ademais de vivendas, acollerá zonas verdes, superficies de uso terciario, máis de 1.000 prazas de aparcamento e un carril bici de dous quilómetros.



Tendo en conta a importancia deste proxecto para a cidade de Vigo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as principais características do proxecto de urbanización para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 19/05/2021 13:05:33

María Corina Porro Martínez na data 19/05/2021 13:05:49

Teresa Egerique Mosquera na data 19/05/2021 13:06:01

José Manuel Balseiro Orol na data 19/05/2021 13:06:13

Ramón Carballo Páez na data 19/05/2021 13:06:27

Diego Calvo Pouso na data 19/05/2021 13:06:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/05/2021 13:07:01

Carmen María Pomar Tojo na data 19/05/2021 13:07:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/05/2021 13:07:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Nos últimos dez anos os desequilibrios territoriais en Galicia non fixeron máis que aumentar.

Hai unha Galicia en marcha lenta e unha Galicia en marcha atrás. Hai unha Galicia atlántica que avanza e unha Galicia interior que esmorece.

Temos 28 comarcas que viron nos case 12 anos do mandato do Sr. Feijoo reducir a poboación en conxunto nun 15 %. Corresponden a todas as provincias.

Pero algunhas, singularmente en Ourense (Terra de Caldelas) ou Pontevedra (A Paradanta), perderon un habitante de cada tres. Para esta Galicia baleirada as súas políticas deseñan un futuro extremadamente complicado: as previsións do IGE son de que perderán un 20 % da súa poboación nos 15 vindeiros anos. Na provincia de Ourense os datos son desoladores segundo o IGE en termos de perda de poboación: Terras de Caldelas perderán -34,8 %, Terras de Trives -29,3 % , Baixa Limia -23,8 % , Ribeiro -22,4 %. A Limia -21,7 %, Viana -17,8 % ...

É unha Galicia de persoas maiores, de pensionistas. Con tantas persoas percibindo unha pensión como afiliadas á Seguridade Social. Na provincia de Ourense, xa dende o ano 2017 hai máis pensionistas que persoas ocupadas.

Unha Galicia onde existe unha importante brecha salarial entre os concellos máis grandes e urbanos e os concellos máis pequenos e rurais. Segundo datos da Axencia Tributaria, tomados a partir das declaracións de renda, as rendas entre os veciños urbanos (concellos de máis de 100 mil habitantes) e rurais (concellos de entre 1000 e 5000) é de case 7.000 euros.

Unha brecha que tamén existe entre a nosa Comunidade Autónoma e o resto de España, facendo de Galicia un dos territorios con rendas máis baixas (tras Murcia, Andalucía e Extremadura).



Nunha Galicia onde apenas nacen nenos. Na Terra de Caldelas, 6 no ano 2019. Na Terra de Trivés, 12 ou a comarca da Baixa Limia, 12 E cando nacen ven que as escolas se pechan por falta de efectivos; e cando chega o tempo de ir ao Instituto comprobamos que carecen de transporte público adecuado.

E que para socializarse teñen tamén que desprazarse ás cidades. Cando chegan á idade adulta as posibilidades de atopar emprego alí onde viviron son moi limitadas e se deciden emprender ou montar unha empresa atópanse coas dificultades de comunicacións, con que o wifi non marcha ben ou con que fallan os profesionais necesarios. E a reordenación das áreas sanitarias introduce incerteza sobre a calidade dos servizos sanitarios próximos. Realmente, en moitas comarcas a única industria que funciona ben é a dos tanatorios.

Non nos opoñemos a mellorar as condicións tributarias nesta Galicia baleirada.

Simplemente, non é dabondo. Pedimos resultados. Nin as medidas da Xunta de Galicia funcionaron nin ten nada diferente que ofrecer para o futuro. Nin os plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense deron resultados apreciábeis. É posible ter hoxe xa un balance dos mesmos? Funcionaron ou non funcionaron? Nin os préstamos do Igape chegan a estas comarcas. Cantos préstamos Igape foron concedidos nos últimos 3 anos nestas comarcas da marcha atrás?

Nin o investimento da Xunta de Galicia nos últimos anos está orientado á corrección dos desequilibrios.

Fai falla decisión e perseverancia. Fai falla planificación e profesionalidade. Fai falla actuar nos servizos básicos, nas infraestruturas de comunicación, no apoio ás iniciativas emprendedoras, na atracción de investimentos.

Non é imposible revertir a situación, a medio e longo prazo, especialmente neste contexto onde a crise xerada pola Covid pode ser unha oportunidade para cohesionar o territorio si somos quen de empregar axeitadamente os Fondos europeos tradicionais e os Fondos Next Generation

Nalgúns territorios europeos conseguírono. Só lle pedimos ao Goberno galego que abandone as receitas pouco eficaces. Que revise, aquí tamén, as políticas que condenan a unha morte rápida á Galicia baleirada. A Galicia da marcha atrás non pode agardar....porque en 15 anos non quedará en moitas comarcas apenas xente para ter conta do territorio.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que balance fai da evolución dos desequilibrios territoriais nos últimos 11 anos?

Pazo do Parlamento, 19 de maio do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/05/2021 13:12:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/05/2021 13:13:08





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao resultado do proceso de participación pública da elaboración da orde pola cal a Xunta de Galiza pretende inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2019 a Xunta de Galiza anunciaba, após un Consello da Xunta, que licitaría un servizo “que garantirá que toda a poboación galega dispoña de servizos financeiros no seu concello, de modo que dispoñan dun caixeiro automático no seu municipio e poidan acceder tamén a servizos de asistencia financeira e de formación en banca electrónica”. Daquela aludía a un presunto informe da Consellaría de Facenda, que este Parlamento descoñece, que viña a recoller, da mesma maneira que os informes ao respecto do Banco de España, que daquela 41 dos 313 municipios carecían dunha entidade financeira no seu territorio, singularmente en Ourense.

Con base a esta situación, que non era novidosa nin sobrevida, a Xunta de Galiza recollía unha inxuedanza social respecto da perda de servizos financeiros que por aquel entón continuaba de forma ininterrompida desde o estalido da crise financeira. Porén, xa avanzaba a peor das intencións: no lugar de exercer presión política sobre as entidades financeiras radicadas no país e sobre o goberno central para mudar a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lexislación de servizos de pago, ou impulsar alternativas de control público do sector financeiro, a gran alternativa do goberno galego viña a ser que que o problema se parchease a costa do erario público copiando o modelo valenciano, que dedicaba no 2019 máis de 7 millóns para isto.

Esta cuestión, ficou interrompida no tempo polas dificultades do proceso de licitación, a axenda electoral e a irrupción da pandemia da covid-19. Asemade, neste tempo agraváronse problemas como a exclusión financeira, a dificultade do acceso a crédito por parte de particulares e empresas, os abusos bancarios e o proceso de precarización e perda de dereitos laborais e postos de traballo. Hoxe, coa coartada da covid-19 o sector bancario experimenta unha nova fase de concentración e oligopolización.

Resulta inaceptable que, malia esta situación, a Xunta de Galiza continúe instalada na súa folla de ruta de desviar cartos públicos para sufragar uns mínimos servizos bancarios que as entidades xa deberan estar obrigadas a fornecer para operar. Neste contexto, que no noso país se está a manifestar a través de numerosos peches de oficinas e despedimentos nos procesos de ERE e precarizacións do Santander, do BBVA, de Caixabank ou mesmo, de forma máis discreta, Abanca, a Xunta de Galiza decide pórse da lado da gran banca e apostar por un mecanismo de subvencións.

Así as cousas, entre febreiro e marzo de 2021 fíxose público o borrador de orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma sen entidade financeira no seu territorio. É dicir, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subterfuxio para continuar financiando unha banca privada á que xa rescatou o erario público con máis de 65.000 millóns de euros.

No 2008 había en Galiza máis de 2.500 oficinas, no comezo da pandemia había arredor de 1.300, o que dá idea da gran redución que supuxo a crise anterior. Agora mesmo, este proceso continúa e non é, en absoluto, un proceso exclusivamente do rural ou de zonas pouco poboadas. As cidades están a ver como, coa coartada da pandemia, barrios enteiros quedan sen servizo. Polo tanto, á vista de que a cobiza do sector non ten límite e de que estamos a vivir unha reconversión salvaxe, favorecida tamén pola reforma laboral do PP que PSOE e Podemos non derrogan, a alternativa non pode ser que os beneficios empresariais da gran banca continúe en detrimento duns servizos que xa eran mínimos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que os orzamentos públicos dos galegos e galegas debe servir para financiar servizos que as entidades bancarias deixan de prestar porque só procuran o aumento da súa marxe de beneficio?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2021 09:24:12

Daniel Pérez López na data 20/05/2021 09:24:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/05/2021 09:24:25





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza da nova sentenza xudicial no ámbito do SERGAS sobre o abuso laboral a unha enfermeira que confirma a súa política laboral negligente e explotadora.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de maio coñecíase a través da prensa ourensá unha nova sentenza xudicial demoledora respecto da política laboral do SERGAS, máis concretamente respecto da ampliada no ámbito da enfermaría e no ámbito da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense (EOXI Ourense) afectando unha traballadora que mantiña vinculación temporal.

A motivación da denuncia radicaba en que a Administración demandada, de forma irregular, contrataba á denunciante dándoa de alta durante cinco días (de luns a venres) para, seguidamente, proceder a dala de baixa durante a fin de semana (sábado e domingo) e de alta novamente na seguinte cadencia de luns a venres, e así sucesivamente. Este feito é escandaloso e non só contradí o funcionamento e organización da seguridade social, senón que, como recolle a sentenza, mesmo existe xurisprudencia recente na mesma cidade de Ourense a respecto deste tipo de situacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para alén doutras e da propia normativa comunitaria que tamén se expón na sentenza. Polo tanto, o SERGAS é reincidente e consciente na súa política laboral de abuso.

A sentenza recolle, ademais, literalmente que “a actuación da Administración non só afecta ao dereito ao descanso da recorrente, e supón unha discriminación respecto dos traballadores fixos que realizan as mesmas horas de traballo efectivo e, porén, permanecerían dados de alta e cobrando tamén polos días festivos ou fins de semana, senón que constitúe unha actuación altamente reprochábel da Administración, que implica que lle resulta moito máis vantaxoso acudir á contratación de carácter temporal que cubrir as prazas con persoal fixo mediante o correspondente concurso, dado que dese modo estaría eludindo o pago de, cando menos, 8 días ao mes, aos que os traballadores terían dereito.”

Cómpre recordar, ademais, que esta non é a primeira sentenza demoledora no ámbito laboral do SERGAS en Ourense, como demostraron varias referentes a gardas pediátricas e a gardas no Hospital de Valdeorras, por exemplo, onde quedou demostrado o abuso de poder do ente contratante e a imposibilidade física de cubrir os traxectos no tempo que pretendía a administración.

Esta situación amosa como detrás da presunta falta de profesionais está en boa medida unha política laboral de precarización, explotación e, en definitiva, expulsión do propio sistema.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para rematar coa política laboral de abuso que queda novamente demostrada na sentenza 00111/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Ourense?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/05/2021 10:35:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/05/2021 10:35:58

María Montserrat Prado Cores na data 20/05/2021 10:36:06

Iria Carreira Pazos na data 20/05/2021 10:36:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu Título II, artigo 27, establece as competencias exclusivas da propia administración autonómica en distintas materias e, no punto 15, recolle “A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre”.

No exercicio desas competencias exclusivas, o Parlamento galego aprobou a Lei 11/2008, de 11 de decembro, de pesca de Galiza, modificada pola Lei 6/2009, de 11 de decembro.

Esta Lei establece unha serie de medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsábel, racional e sustentábel dos recursos mariños, nomeadamente os plans de xestión, definidos como normas reguladoras da actividade pesqueira e marisqueira.

Os plans de xestión marisqueira comezaron a desenvolverse normativamente en 1993 e na actualidade réxense polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro.

Nos plans de xestión teñen participación as confrarías e agrupacións do sector, que son as titulares dos propios plans e as que os propoñen. Os aspectos que regulan





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

son, entre outros, os traballos para a mellora da extracción e produción, os topes de captura por mariscador/a e por día, as especies que se van extraer, os métodos de extracción, os puntos de control, as formas de comercialización, etc.

Así pois, hai case 30 anos que a explotación dos recursos marisqueiros de Galiza véñse organizando a través de plans de explotación anuais, agás neste momento no que a Orde da Consellería do Mar do 21 de decembro de 2020, aprobounos para o trienio 2021-23. E, dende aquela, son as regras que ditan a explotación dos recursos marisqueiros ao longo de toda a nosa costa e que suman na actualidade un total de 94, repartidos entre 52 de marisqueo a pé, 35 a frote e 7 mixtos.

Deste xeito estamos diante da regulación da actividade que ocupa directamente a máis de 8.000 persoas en Galiza, que ten unha extraordinaria importancia económica e social e que, por primeira vez dende que existe, vén de ser recorrida polo Ministerio de Transición Ecolóxica co argumento de que necesita, para ser aprobada, un informe preceptivo da propia Administración estatal.

Sen dúbida é unha interpretación errada da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que se refire á necesidade de conseguir informe no caso de que se declaren zonas de interese para cultivos mariños, concesións e autorizacións. Na mesma liña, o Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias de Galiza na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que se refire a cando se outorguen concesións e autorizacións.

Non entanto, a través dos plans de explotación marisqueira non se outorgan concesións senón que se regula unha actividade que é competencia exclusiva da Administración galega á que nunca, ata o de agora, se lle exixiron ese tipo de informes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Ministerio de Transición Ecolóxica dá así un novo paso que vai moito máis alá da afectación ao sector do mar, vai en contra dos intereses de todo un país pesqueiro, supón unha clara falla de respecto ao marco competencial vixente e, en definitiva, ilustra nidamente a necesidade de Galiza de blindar as competencias propias.

Sen dúbida, de continuar adiante con esta brutal inxerencia nas competencias exclusivas de Galiza, as consecuencias directas e indirectas para miles de persoas serían gravísimas e a posibilidade dunha suspensión ou derogación do plan de explotación aprobado para o período 2021-23 provocaría un dano absolutamente irreparable.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para defender e resgardar as actuais competencias exclusivas de Galiza e nomeadamente as relativas ao marisqueo?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/05/2021 16:43:40

María do Carme González Iglesias na data 20/05/2021 16:43:43

Daniel Castro García na data 20/05/2021 16:43:50



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A ordenación dos recursos marisqueiros para a súa explotación é un labor fundamental para o desenvolvemento da propia actividade, da que depende un sector moi relevante e unha gran cantidade de persoas en Galicia. A responsabilidade desta ordenación, e dos trámites administrativos que correspondan para desenvolvelo recae na Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar.

O goberno da Xunta de Galicia presentou a súa intención de formular un ordenamento trianual para 2021-2022-2023, rompendo o hábito de facelo anualmente, na Orde do Plan Xeral de Explotación Marisqueira. Non en tanto, para este proceso, é importante realizar correctamente todos os trámites necesarios e precisos. Estes trámites inclúen o consenso e diálogo co sector, para acordar todos os elementos a tratar (zonas, espazos, usos, etc), e a presentación dos informes preceptivos ante o Goberno do Estado. Este último trámite é relevante pois o Estado é, en virtude da distribución de competencias e titularidades dos espazos, o correspondente titular das zonas de marisqueo sobre as que se presenta o Plan Xeral. Este trámite está indicado nos artigos 112 da Lei de Costas e no 30 da Lei de Pesca de Galicia.

A presentación de informes preceptivos ven sendo proceso habitual para estes procedementos, sen que existiran notorios problemas ata o momento.

O Goberno de España ven de presentar un recurso contencioso – administrativo ao constatar que a Xunta de Galicia non presentou o preceptivo informe, a pesares de ser advertida previamente de que en primeira instancia non o fixo. A negativa da Xunta a repoñer esta situación conleva un problema xurídico que agora está xudicializado.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Presentou a Xunta de Galicia o informe preceptivo para dar trámite e procedemento ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023? En caso de non ter presentado, por que?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/05/2021 16:55:14

Patricia Otero Rodríguez na data 20/05/2021 16:55:25



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros advertido erro no documento **16358**.

Corrección de erros

Onde se formula a pregunta, onde di: “Presentou a Xunta de Galicia o informe preceptivo para dar trámite e procedemento ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023? En caso de non ter presentado, por que?”, debe dicir: Presentou a Xunta de Galicia o informe preceptivo para dar trámite e procedemento ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023?”

Pazo do Parlamento, 24 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/05/2021 11:20:13

Patricia Otero Rodríguez na data 24/05/2021 11:20:20



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Pleno**.

A eventualidade no Sergas vén sendo unha característica determinante e repetida durante a última década, provocando unha dificultade na calidade asistencial e un problema de vulneración de dereitos laborais.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nos usuarios. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles... Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.

Nos últimos anos o Sergas foi xa condenado pola xustiza en diversas ocasións. Así o TSXG reafirmou a condena dun xulgado de A Coruña ao Sergas por contratación “torticeira e fraudulenta” (2019), ou a indemnizar a un profesional que denunciou a sobrecarga de traballo (2019). Tamén foron coñecidas sentencias sobre a obriga de facer estables a enfermeiras eventuais contratadas “en fraude” (2017). Nestes días foi coñecido que o Sergas foi condenado por contratar de



maneira “irregular” a unha enfermeira, dándoa de alta os luns e de baixa os venres de maneira sistemática.

A política de recursos humanos do Sergas supón un dos maiores problemas para elevar a calidade asistencial, e o comportamento propio dunha ETT pulveriza todo intento de traballar por unha sanidade pública de excelencia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración lle merece ao Goberno galego a sucesión de sentenzas xudiciais que ditaminan que o Sergas contrata “irregularmente” ou “de maneira fraudulenta e torticeira”?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/05/2021 16:07:44

Marina Ortega Otero na data 20/05/2021 16:07:50



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A consecuencia das Recomendacións do Parlamento de Galicia derivadas do Ditame da Comisión especial non permanente de estudio e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria ola de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, a Xunta de Galicia se comprometeu a realizar un número de actuacións determinadas para os anos 2019 e 2020, tales como a de elaborar plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, en cada un dos dezanove distritos da Comunidade Autónoma.

En relación coa elaboración de plans de ordenación dos recursos forestais por distrito, no documento xeral de análise e recomendacións se sinalaba que o punto de partida para facer efectiva a prevención é necesaria unha axeitada planificación participada. Existindo distintas figuras recollidas pola normativa que deben desenvolverse implicando a toda a sociedade. Deberán poñerse en marcha o máis axiña posible os plans de ordenación dos recursos forestais (PORF) en procesos con participación pública e dándolle prioridade aos distritos máis afectados polos incendios forestais en consecuencia co indicado na recomendación segunda do ditame da Comisión de incendios de Galicia 2017. Ao mesmo tempo que se actualizaron os plans de prevención de distrito como instrumentos operativos que desenvolven o Pladiga, a tenor da recomendación 55 do ditame da Comisión así como a creación dos comités forestais de distrito onde un dos cometidos principais sexa o de participar na planificación, é poñer en marcha as medidas preventivas específicas para cada distrito, en sintonía coa recomendación 7.



E a tenor do exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Puxéronse en marcha os plans de ordenación dos recursos forestais por Distrito, tal como se comprometera o Goberno galego?

Pazo do Parlamento, 20 de maio do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/05/2021 16:01:55

Martín Seco García na data 20/05/2021 16:02:03



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e a posibilidade de exame cidadán de toda esta información son mecanismos básicos de control e de limitación do poder estatal.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria. Tamén obriga á Xunta de Galicia a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia e os contratos menores.

Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano. Actualmente, finalizada a X Lexislatura e rematado o ano 2020, non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento actualizado destes acordos, sendo o último publicado de decembro de 2017.



Pola súa banda, o artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adjudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Non obstante, sorprendentemente, a 20 de maio de 2021 non figuran os datos estatísticos sobre contratos de 2019 e 2020.

Por outra banda, en cumprimento do disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, a Xunta publicou no ano 2017 no portal de transparencia un plan anual normativo, así como un informe sobre o seu grado de cumprimento. En 2018, publicou tamén un plan anual normativo (aprobado o 22 de marzo dese ano) pero non un informe de cumprimento e non publicou absolutamente nada en 2019 e 2020, probablemente polo escaso grao de cumprimento que amosaban os últimos informes. En consecuencia, leva tres anos incumprindo o establecido na lexislación nesta materia.

Todo o anterior amosa desprezo pola lei, ademais dunha acusada falta de dilixencia e de respecto pola transparencia e pola función de control da acción do goberno, básicas para o axeitado funcionamento da democracia e do estado de dereito.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno de Galicia que a transparencia é algo do que se pode prescindir nunha democracia?

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:






Pablo Arangüena Fernández na data 20/05/2021 18:06:19

Paloma Castro Rey na data 20/05/2021 18:06:33





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

